



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL. CONCELLO DE COTOADE

_ documento de aprobación inicial / marzo 2013 _

_ Tomo III Modelo de Asentamento Poboacional _

Nome da parroquia: Aguasantas (Santa María)**Código: 01***Delimitación:*

Situada no sueste do concello, a parroquia de Aguasantas limita ao norte coas parroquias de Santiago de Loureiro e de Santo André de Valongo, ao leste co concello de A Lama, ao sur cos concellos de A Lama e Pontecaldelas, e ao oeste coa parroquia de San Martiño de Borela.

Estrutura territorial

Esta parroquia ten un tamaño grande e unha forma alongada, asimilable a un rectángulo en sentido este a oeste, con un recorte na parte norte.

En canto á topografía, ven marcada pola sucesión de accidentes xeográficos que dividen en franxas norte a sur o territorio da parroquia. Na parte leste atopamos un conxunto de montes que forman o límite coa parroquia de Borela no que destacan o Coto do Curro con 528 metros, o Coto Redondo con 548 metros e o Coto do Castro que chega ata 613 metros como puntos máis significativos. Máis cara o oeste aparece o río Meniños e varios regueiros. Cara o centro da parroquia aparece outra franxa montañosa onde destacan como puntos máis elevados o Coto do Vela de 619 metros e o Coto dos Limeiros con 596 metros. Xa na parte leste aparece o río Calvelle, zona de cota máis baixa que non chega aos 400 metros, e cata o nordeste aparece o alto de Chan do Ceo con 617 metros de altitude como punto máis significativo.

O río Meniños e o río Calvelle son os cursos de auga máis relevantes de Aguasantas. O primeiro nace preto do Coto do Castro e corre de norte a sur recibindo no seu camiño auga de varios regos ata desembocar no río Borela. O segundo nace preto do Outeiro de Camilo, na parroquia de Valongo e baixa cara o sur atravesando toda a parroquia para pasar ao concello de A Lama.

Xerarquía dos asentamentos

A parroquia de Santa María de Aguasantas está composta por vinte núcleos recoñecidos, asentados no centro e leste da parroquia e comunicados principalmente polas estradas PO-234 e PO235. Estas vías, amplas e co firme en moi bo estado, recorren a parroquia de norte a sur cruzando varios núcleos. Desta estrada parten pequenos camiños, estreitos e cun piso antigo en xeral, que comunican cos lugares máis afastados.

Se nos fixamos no tamaño e o número de vivendas dos núcleos tradicionais podemos dicir que son maioría os lugares pequenos ou moi pequenos como é o caso dos núcleos de Aguaita, O Campodanta, O Casal, Ceraxe, O Fental, A Godela, A Pena O Regueiro ou Sucastro, sendo o máis pequeno o lugar de O Coto formado soamente por dúas vivendas tradicionais. De maior tamaño son os núcleos de Boliñas, O Castro, O igrexario, Calvelle ou Famelga, que se poden considerar de tamaño medio, sendo este último o meirande da parroquia.

En canto á súa organización, podemos distinguir dous modelos: un primeiro que se asenta sobre un camiño que se adapta á topografía evitando as grandes pendentes e dá como resultado un núcleo alongado e, en xeral, pouco compacto, e un segundo modelo de forma circular ou similar e que soe posuír un elemento central, que pode ser un espazo ou simplemente un cruzamento, sendo as máis das veces lugares compactos e cos límites claros. Exemplos do primeiro serían os lugares O Casal O

Castro, A Coutada, Martín, A Pena ou Peroselo, e do segundo serían, aínda que con matices, Boliñas, O Igrexario, Famelga, O Trebello. Os demais núcleos son variantes ou mesturas dos dous modelos.

Obsérvanse dúas formas de crecemento dos núcleos: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas.

Esta parroquia experimentou un crecemento relativamente baixo en canto a número de vivendas, mantendo intacto o esquema tradicional en parte dos lugares como en O Casal, A Godela, A Pena, O Regueiro ou O Trebello. As zonas da parroquia nas que se construíu un maior número aparecen ao pé da estrada PO-235, nos núcleos de As Boliñas e O Igrexario con seis vivendas, en Sucastro con catro, no lugar de Peroselo con tres vivendas ou no lugar de Famelga tamén con tres vivendas novas. Lugares que incrementaron o número de vivendas aínda que non vinculadas á estrada PO-235 serían Calvelle ou O Barazal.

A maior parte das vivendas novas construídas nesta parroquia non están ligadas ao desenvolvemento de actividades agro-gandeiras, senón que teñen unha función estritamente residencial.

O parcelario de Aguasantas soe ser de pequeno ou medio tamaño e forma irregular, nos núcleos. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da división das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal.

Clasificación dos núcleos

Segundo a súa estrutura e morfoloxía, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, teñen a consideración de **núcleo rural histórico-tradicional** os lugares de Agualta, O Casal, O Castro, A Coutada, O Fental, A Godela, A Pena, O Regueiro e O trebello. Ten a consideración de **núcleo rural común** o lugar de O Coto. Por último, teñen a consideración de **núcleo rural complexo** os lugares de O Barazal, As Boliñas, Calvelle, Campodanta, Cerraxe, Famelga, O Igrexario, Martiño, Peroselo e Sucastro.


Tipoloxía dos edificios









Se falamos da edificación tradicional, dicir que son casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos:

- O primeiro, e probablemente máis antigo, ten pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos.
- O segundo tipo, e máis frecuente, ten planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentaban as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a propia vivenda.

Como arquitecturas singulares podemos citar a capela de San Xosé en Penelas o conxunto da igrexa parroquial de Santa María, cemiterio, reitoral, viacrucis e a fonte do adro en O Igrexario, e os petos de ánimas e cruceiros espallados por toda a parroquia.

As vivendas de nova construción varían en forma e tamaño, pero pódense asimilar a unha de planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. Hai casos nos que se emprega o perpiaño en fachada.






codificación



tipificación do núcleo



tipificación do núcleo



elementos catalogados



dotacións e infraestruturas



codificación



NÚCLEO		AGUALTA		NÚMERO	01.01	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)	
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL								
						C-3.23		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no norte da parroquia.						
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación sueste.						
	Poboación	0						
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.						
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-234.							
	Estado: Acceso estreito e co asfalto nun estado aceptable. Non hai vías interiores.							
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño grande e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é media coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral.							
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por tres vivendas tradicionais e asentado ao final dunha vía que comunica directamente coa estrada PO-234 . A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños, formando grupos de vivendas entre medianeiras , dando lugar a un núcleo compacto.						
	Núcleo recente	Neste núcleo só tivo lugar unha ampliación dunha das vivendas tradicionais.						
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente do país, de planta rectangular ou en "L", caracterizadas por ter un desenvolvemento vertical importante, normalmente dúas plantas e faiado, comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Unha das vivendas ten peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a vivenda. Todas as vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos.							
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Hai un hórreo, tamén de pedra e madeira, de dous tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra, costais de madeira e cuberta a dúas augas de tella, colocado nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.							
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras			
	3	3	-	-	3			
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado		
	si	individual	non	si	si	si		
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación						SUP: m ²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM								

NÚCLEO	AGUALTA	NÚMERO	01.01	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
--------	---------	--------	-------	-----------	--------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Tres casas de pedra con alpendres e un hórreo que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e próximas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e que conforman un lugar identificable e acoutable de moi pequeno tamaño, polo que se define como **núcleo rural histórico-tradicional**.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRHT (m2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	2	0	100	4.325,65	6,94



Fotografía aérea de Agualta.

NÚCLEO		O BARAZAL		NÚMERO	01.02	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)	
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.28		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no sur da parroquia.						
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas. A orientación principal é este.						
	Poboación	22						
	Tipo	Polinuclear pouco compacto.						
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunica coa PO-234.							
	Estado: Acceso estreito que por unha banda está co asfalto vello e deteriorado e con fendas por zonas , e por outra atópase en bo estado. Vías interiores estreitas, salvo algúns tramos con zonas amplas. Pavimento con asfalto antigo en moi mal estado e con fendas por zonas.							
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada ao lado do río Calvelle produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é media coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.							
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de mediano tamaño constituído por dúas agrupacións situadas preto do río Calvelle e separadas por un rego. O núcleo está unido por un camiño principal que se adapta á topografía para evitar ás pendentes e por varios carreiros que parten cara o nordés e dan soporte ás vivendas . A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si, dando lugar a un pouco compacto, pero cos límites claros.						
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas. A extensión principal está cara ó sur, pero hai vivendas mesturadas entre as vivendas tradicionais.						
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotería reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en “L”, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotería reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e con peche de pedra e portal sobre o que se asentan os alpendres, hórreos ou a vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. As vivendas novas soen ter planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.							
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas,aínda que atópamos algúns de tres e catro tramos, os frontais de pedra ou madeira, acceso á cámara por un frontal e cuberta a dúas augas de lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda e, ás veces, sobre o peche cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.							
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras	
	22		17		5	0	47	
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado		
	si	veciñal	non	si	si	si		
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²	
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	C-01-13	Peto de ánimas						

NÚCLEO	O BARAZAL	NÚMERO	01.02	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
--------	-----------	--------	-------	-----------	--------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Dezaseis casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e tres vivendas modernas situadas entre as tradicionais, e que conforman todas elas un lugar identificable e acutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo formado por dous lugares próximos e que permanece case inalterado, polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.

Dúas vivendas modernas e unha tradicional situadas cara o sur do núcleo e á outra marxe da estrada de acceso, asentadas nunha zona de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo, polo que se define este asentamento como núcleo rural común.

O lugar de O Barazal ten a consideración de núcleo rural complexo.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRHT(m2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	18	3	85,75	27.128,77	
SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie Bruta NR(m2)	5,82
	3	2	60	10.698,43	



Fotografía aérea de O Barazal.

NÚCLEO		AS BOLIÑAS		NÚMERO	01.03	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)					
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.28						
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no centro cara ó sueste da parroquia.										
	Topografía	Predominio das pendentes suaves. A orientación principal é oeste.										
	Poboación	33										
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.										
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada PO-234 e moi próxima a estrada PO-240.											
	Estado: Acceso de tamaño medio-pequeno e co asfalto en moi bo estado. Vías interiores, en xeral, estreitas e co asfalto antigo e nalgúns tramos moi deteriorado.											
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño medio e forma irregular, asimilable a un rectángulo, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é alta coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.											
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de mediano tamaño asentado maioritariamente ao pé da estrada PO-234, na marxe norte, e apoiado nun camiño principal, que vai de norte a sur, e en varios carreiros. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños, bastante próximas entre si e incluso formando medianiles, dando como resultado un núcleo relativamente compacto no seu centro e disperso na periferia.										
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas. A extensión principal está situada cara o este.										
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e paleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e con peche de pedra e portal sobre o que se asentan os alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. Un número grande de vivendas restauradas ou en fase de restauración neste lugar. As vivendas novas soen ter planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.											
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, os frontais e costais de pedra e madeira, e cuberta a dúas augas de lousa de pedra e tella, acceso á cámara por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e, ás veces, sobre o peche cun estado de conservación a metade deles en bo estado, e os outros abandonados. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.											
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova		Industria / terciario		Outras			
	25		22		3		1		70			
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade		Auga		Saneamento		Alumeado público		Recollida lixo		Acceso rodado	
	si		veciñal		non		si		si		si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.		Denominación								SUP: m²	
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	C-01-01		Cruceiro									
	P-01-01		Casa nº3									

NÚCLEO	AS BOLIÑAS	NÚMERO	01.03	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
--------	------------	--------	-------	-----------	--------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Vinte e dúas casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e relativamente próximas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e dúas vivendas modernas situadas entre as tradicionais, e que conforman todas elas un lugar identificable e acoutable de pequeno mediano que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao pé dun camiño principal e varios carreiros e que permanece case inalterado, polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.

Unha vivenda moderna situada na parte oeste do lugar e nunha zona de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo, polo que se define un ámbito como núcleo rural común.

O lugar de As Boliñas ten a consideración de núcleo rural complexo.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRHT(m2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	26	14	65	48307,6	

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRC(m2)	4,87
	1	0	100	2981,65	



Fotografía aérea de As Boliñas.

NÚCLEO		CALVELLE		NÚMERO	01.04	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.28	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no sur da parroquia.					
	Topografía	Variable pero en xeral pendentes suaves ou moderadas. A orientación principal é a sur.					
	Poboación	31					
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-234.						
	Estado: Acceso estreito e co asfalto en bo ou mal estado segundo os tramos. Vías interiores estreitas con zonas amplas e co asfalto nun estado variable dende o bo ata o malo. Hai rúas e camiños sen pavimentar.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada ao lado do rego produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é moi variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, que as que carecen del e as de nova construción, que teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de mediano tamaño asentado ao longo dun camiño principal, que comunica cos lugares veciños, e do que parten varios secundarios cara o oeste. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños. Gran parte das casas contan con parcelas de gran tamaño ao redor, situándose separadas unhas das outras e configurando un núcleo extenso, pero pouco denso.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas. A extensión principal está situada no sur do núcleo, mesturándose ou situándose próximas ás vivendas tradicionais.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e paleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e con peche de pedra e portal sobre o que se asentan os alpendres, hórreos ou a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. As vivendas novas soen ter planta cadrada, baixo e un andar con algún elemento exterior como balcóns, terrazas, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e tella na cuberta, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra, os costais de pedra ou madeira, acceso á cámara por un frontal e cuberta a dúas augas de lousa de pedra, colocados ao redor da vivenda e cun estado variable de conservación. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras		
	30	24	6	-	11		
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación				SUP: m²	
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	C-01-02	Cruceiro					

NÚCLEO	CALVELLE	NÚMERO	01.04	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
--------	----------	--------	-------	-----------	--------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Vinte e dúas casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e relativamente separadas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e dúas vivendas modernas situadas entre as tradicionais, e que conforman todas elas un lugar identificable e acutable de mediano que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao pé dun camiño principal e varios secundarios e que permanece case inalterado, polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.

Catro vivendas modernas e dúas tradicionais situadas en dous ámbitos diferenciados, cara o sur, que recollen as vivendas modernas construídas recentemente e as dúas tradicionais separadas do lugar principal. Estes ámbitos semellan ter as características adecuadas para recoller os crecementos futuros do lugar, polo que se definen como núcleo rural común.

O lugar de Calvelle ten a consideración de núcleo rural complexo.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRHT(m2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
23	23	7	76,67	47.071,99	
SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRC(m2)	4,61
	5	5	50	17.997,30	



Fotografía aérea de Calvelle.

NÚCLEO		O CAMPODANTA		NÚMERO	01.05	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.23	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no norte cara ó centro da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación nordés.					
	Poboación	6					
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunica coa PO-234.						
	Estado: Acceso estreito e co asfalto antigo. Vías interiores de tamaño medio, pero con algunhas zonas estreitas. Neste núcleo as vías non son rúas propiamente. Pavimento con asfalto antigo e cun estado aceptable.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño medio ou grande e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é baixa coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de moi pequeno tamaño constituído por tres vivendas tradicionais e asentado ao pé dun ramal cara ó oeste da estrada PO-234 e varios rueiros. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e separadas entre si, formando un núcleo disperso, pero con límites claros.					
	Núcleo recente	Obsérvase unha única vivenda moderna situada ao pé das tradicionais, cara o leste.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, de planta rectangular e caracterizadas por ter un desenvolvemento vertical importante, de gran porte, normalmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotería reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Unha das vivendas ten peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares e mesmo a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. A destacar o pazo de Campodanta. A vivenda nova ten planta cadrada con anexos, baixo e un andar, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Hai dous hórreos de pedra e madeira, de dous e catro tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra, costais de madeira, acceso á cámara por un frontal e cuberta a dúas augas de lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación regular. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	4		3		1	0	11
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	individual	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	P-01-02	Casa Grande de Famelgas (Pazo de Campodanta)					

NÚCLEO	O CAMPODANTA	NÚMERO	01.05	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
--------	--------------	--------	-------	-----------	--------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Tres casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e relativamente separadas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e que conforman un lugar identificable e acoutable de moi pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao pé dun camiño, polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.

Unha vivenda moderna de recente construción situada cara o leste das vivendas tradicionais nun ámbito de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo, polo que se define este asentamento como núcleo rural común.

O lugar de Campodanta ten a consideración de núcleo rural complexo.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRHT(m2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	3	1	75	5.539,51	
SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRC(m2)	5,43
	1	0	100	1.822,51	



Fotografía aérea de Campodanta.

NÚCLEO	O CASAL	NÚMERO	01.06	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)	
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL				C-3.23, C-3.28		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no nordés da parroquia.				
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación suroeste.				
	Poboación	14				
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.				
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo:	Estrada PO-234.				
	Estado:	Accesos de tamaño pequeno-medio e co asfalto nun bo estado. Vías interiores sen pavimentar.				
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é moderada coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del teñen unha organización máis aberta e dispersa.					
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por sete vivendas tradicionais e asentado na beira da estrada PO-234, principalmente na marxe oeste. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e relativamente separadas entre si, formando un núcleo pouco compacto.				
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan ampliacións e reformas de vivendas tradicionais de xeito que, apoiándose nestas, constrúese unha parte nova ao lado ou directamente enriba.				
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente do país, planta rectangular ou en "L", caracterizadas por ter un desenvolvemento vertical importante, normalmente dúas plantas e faiado, comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono.					
TIPOLOXÍA CONSTRUCCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra, os costais de madeira e cuberta a dúas augas con tella ou lousa de pedra, acceso á cámara por un frontal, colocados nos arredores da vivenda cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.					
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras	
	7	7	-	-	15	
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	non	si	si	si
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación				SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM						

NÚCLEO	O CASAL	NÚMERO	01.06	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
--------	---------	--------	-------	-----------	--------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Sete casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e que conforman un lugar identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e que permanece case inalterado, polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRHT(m2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	7	3	70	12.198,64	5,74



Fotografía aérea de O Casal.

NÚCLEO		O CASTRO		NÚMERO	01.07	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.23	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no norte da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación sueste.					
	Poboación	Sen datos					
	Tipo	Mononuclear bastante compacto.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada PO-234 e da rede terciaria.						
	Estado: Accesos de tamaño medio-pequeno e co asfalto en moi bo estado. Vías interiores estreitas con tramos máis amplos e co asfalto vello, deteriorado e con fendas por zonas.						
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e paleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que moitas sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. A destacar o conxunto parroquial e a reitoral As vivendas novas soen ter planta rectangular e anexos, baixo e un andar con elementos exteriores como terrazas, balcóns ou escaleiras, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.							
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra, os costais de pedra ou madeira e cuberta a dúas augas de tella ou lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda ou sobre o peche cun estado de conservación bo en xeral aínda que variable. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.							
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras	
	45		38		7	-	121	
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado		
	si	veciñal	non	si	si	Si		
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²	
	SLE-CP0101	Igrexa Parroquial					2294,77	
	SLE-SC0102	Escolas antigas.					2851,43	
	SLV-ZV0102	Zona Verde					1203,75	
	SLV-ZV0103	Área recreativa.					2317,29	

NÚCLEO	O IGREXARIO	NÚMERO	01.14	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	C-01-05	Cruceiro			
	C-01-06	Cruceiro-calvario da igrexa			
	C-01-09	Cruceiro no camiño de Penelas			
	C-01-12	Víacrucis do adro parroquial			
	C-01-17	Peto dos devotos de nosa señora			
	E-01-03	Fonte			
	I-01-01	Igrexa parroquial de Santa María			
	I-01-04	Cemiterio			
	P-01-06	Casa reitoral			
	P-01-07	Casa Grande de Aguasantas			
	P-01-08	Casa na cabeceira da igrexa			
	P-01-09	Escolas antigas			

NÚCLEO	O IGREXARIO	NÚMERO	01.14	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
--------	-------------	--------	-------	-----------	--------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Trinta e oito casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños, formando pequenos grupos ou lixeiramente separadas, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas elas un lugar identificable e acutable de mediano tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo de dous camiños que se cruzan, e que permanece case inalterado, unicamente aparecen dúas vivendas modernas entre as tradicionais, polo que o ámbito delimitado se define como núcleo rural histórico-tradicional.

Delimítase tamén unha zona de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo e que recolle as cinco vivendas modernas situadas fóra do núcleo tradicional, as escolas antigas e a área recreativa, e defínese este ámbito como núcleo rural común.

O lugar de O Igrexario ten a consideración de núcleo rural complexo.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRHT(m2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	34	11	75,56	64.798,83	

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRC(m2)	5,41
	6	6	50	23.846,34	



Fotografía aérea de O Igrexario.

NÚCLEO		MARTÍÑO		NÚMERO	01.15	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.28	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no centro da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves, e a orientación sueste.					
	Poboación	3					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada EP-0411.						
	Estado Accesos estreitos co asfalto vello e deteriorado e con fendas por zonas:. Vías interiores estreitas en xeral, con formigón en moi mal estado, e con zonas sen pavimentar.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é baixa coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis a de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por oito vivendas tradicionais e asentado ao pé dun camiño que parte da estrada EP-0411 cara o oeste. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si, formando un núcleo de límites claros e pouco denso.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou enriba, e outra na que se ocupou unha parcela baleira na periferia, ao sureste do lugar,, cunha vivenda nova.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente do país, de planta rectangular ou en "L caracterizada por ter un desenvolvemento vertical importante, de gran porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. A vivenda nova ten planta rectangular con anexos, consta dun andar e faiado, cuberta a dúas augas con tella e está construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra, os costais de madeira, acceso á cámara por un frontal e cuberta a dúas augas de tella ou lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras		
	9	8	1	-	19		
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	parcial	si	si	Si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	MARTÍÑO	NÚMERO	01.15	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
--------	---------	--------	-------	-----------	--------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Oito casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e relativamente separadas unhas das outras, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e que conforman un lugar identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e que permanece case inalterado, polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.

Delimítase, por outra banda, unha zona de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo e que recolle a vivenda nova construída recentemente e situada a pouca distancia do núcleo tradicional, e defínese este ámbito como núcleo rural común.

O lugar de Martiño ten a consideración de núcleo rural complexo.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRHT(m2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	8	0	100	5.428,47	
SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRC(m2)	5,00
	1	2	33,33	12.554,03	



Fotografía aérea de Martiño.

NÚCLEO		A PENA		NÚMERO	01.16	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)	
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.28		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no centro da parroquia.						
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación sueste.						
	Poboación	2						
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.						
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada EP-0411.							
	Estado: Accesos estreitos co asfalto antigo e deteriorado e con numerosas fendas por zonas. Non hai vía interiores á marxe da estrada EP-0411.							
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada ao lado do río Calvelle produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é baixa coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del teñen unha organización máis aberta e dispersa.							
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por cinco vivendas tradicionais , asentado ao pé da estrada que corre paralela o río Calvelle. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños, separadas entre si, configurando un lugar disperso, pero cos límites claros.						
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan ampliacións e reformas de vivendas tradicionais de xeito que, apoiándose nestas, constrúese unha parte nova ao lado ou directamente enriba.						
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente do país, de planta rectangular ou en "L caracterizada por ter un desenvolvemento vertical importante, de gran porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotería reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. As vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos.							
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra e o costais de madeira ou pedra e cuberta a dúas augas con tella ou lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.							
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras	
	5		5		-	-	7	
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado		
	si	veciñal	non	si	si	Si		
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²	
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM								

NÚCLEO	A PENA	NÚMERO	01.16	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
--------	--------	--------	-------	-----------	--------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Cinco casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e lixeiramente separadas unhas das outras, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas elas un lugar identificable e acoutable de tamaño pequeno que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e que permanece case inalterado, polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRHT(m2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	5	1	83,33	7.086,24	7,06



Fotografía aérea de A Pena.

NÚCLEO		PEROSELO		NÚMERO	01.17	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)					
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.23						
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no nordés da parroquia.										
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación suroeste.										
	Poboación	25										
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.										
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada PO-234.											
	Estado: Acceso de tamaño pequeno-mediano e co pavimento en bo estado. Vías interiores en xeral, estreitas con asfalto en bo estado, salvo algúns tramos con asfalto antigo.											
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e grande e formas irregulares ou estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é media coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.											
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño asentado ao pé da estrada PO-234, basicamente na marxe sur, da que parte de forma perpendicular o camiño principal sobre o que se apoian as vivendas tradicionais. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e relativamente separadas entre si, formando un núcleo lineal e pouco compacto.										
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas. A extensión principal está situada cara o norte, apoiada na estrada PO-234.										
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e paleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a vivenda Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. As vivendas novas soen ter planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. Hai varias vivendas con perpiaño en fachada.											
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra, os costais de madeira e cuberta a dúas augas con tella ou lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda e, nalgúns casos, sobre o peche cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.											
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova		Industria / terciario		Outras			
	14		11		4		3		48			
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade		Auga		Saneamento		Alumeado público		Recollida lixo		Acceso rodado	
	si		veciñal		non		si		si		Si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.		Denominación							SUP: m²		
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	P-01-10		Casa en Peroselo									

NÚCLEO	PEROSELO	NÚMERO	01.17	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA					
Dez casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e lixeiramente separadas, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando un lugar identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e que permanece case inalterado, unicamente aparece unha vivenda moderna entre as tradicionais, na parte sur do lugar, polo que o ámbito delimitado se define como núcleo rural histórico-tradicional.					
Delimítase, por outra banda, unha zona de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo situada a carón da estrada PO-234 e que recolle tres vivendas modernas, unha tradicional e a construción de uso terciario, situadas en continuidade co núcleo tradicional, e defínese este ámbito como núcleo rural común.					
O lugar de Peroselo ten a consideración de núcleo rural complexo.					
SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRHT(m2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	11	5	68,75	18.452,19	
SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRC(m2)	3,96
	5	4	55,56	18.452,19	
					
Fotografía aérea de Peroselo.					

NÚCLEO	O REGUEIRO		NÚMERO	01.18	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL					C-3.28	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no nordés da parroquia.				
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas. A orientación principal é a este.				
	Poboación	0				
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.				
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria.					
	Estado: Acceso bastante estreito e co asfalto en pésimo estado, con fochas por zonas ou case desaparecido. Vías interiores estreitas en xeral e camiños sen pavimento.					
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é media coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, teñen un esquema máis pechado ao redor do curral que as que carecen del.					
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo moi pequeno formado por tres vivendas tradicionais asentado sobre dous camiños. Polo medio do asentamento pasa un regato que vai desembocar no río Barbeira. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si, formando un núcleo con límites claros aínda que pouco denso.				
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan pequenas reformas de vivendas tradicionais.				
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e paleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a vivenda. Dúas das vivendas están en uso e unha nun estado de abandono.					
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, teñen dous e tres tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra, os costais de madeira e cuberta a dúas augas de lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación regular. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.					
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras	
	2	2	0	0	8	
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	non	si	si	Si
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación				SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM						

NÚCLEO	O REGUEIRO	NÚMERO	01.18	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
--------	------------	--------	-------	-----------	--------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Duas casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunha con recentes modificacións, situadas á beira dos camiños e lixeiramente separadas, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas elas un lugar identificable e acoutable de tamaño pequeno que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e que permanece case inalterado, polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRHT(m2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	2	1	66,67	2.438,96	8,20



Fotografía aérea de O Regueiro.

NÚCLEO		SUCASTRO		NÚMERO	01.19	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)					
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.30						
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no sueste da parroquia.										
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación sueste.										
	Poboación	10										
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.										
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada PO-240.											
	Estado: Acceso de tamaño mediano-pequeno e co asfalto nun estado moi bo. Vías interiores estreitas con asfalto antigo e con fochas por zonas.											
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é moderada aínda que variable coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.											
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por seis vivendas tradicionais, asentado ao pé da estrada PO-240 e apoiado nun camiño que a cruza, de tal xeito que hai tres vivendas a cada lado da estrada. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños, formando grupos de vivendas entre medianeiras ou lixeiramente separadas entre si, configurando un lugar pouco compacto, pero cos límites claros.										
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado, e outra que ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas. Hai tres vivendas novas construídas neste lugar.										
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e paleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. As vivendas novas soen ter planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.											
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous claros apoiados sobre cepas, os frontais de pedra, os costais de madeira ou pedra e a cuberta a dúas augas con tella ou lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.											
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova		Industria / terciario		Outras			
	9		6		3		-		21			
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade		Auga		Saneamento		Alumeado público		Recollida lixo		Acceso rodado	
	si		veciñal		non		si		si		Si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.		Denominación								SUP: m²	
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM												

NÚCLEO	SUCASTRO	NÚMERO	01.19	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
--------	----------	--------	-------	-----------	--------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Seis casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e lixeiramente separadas, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando todas elas un lugar identificable e acutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño, e que permanece case inalterado polo que se delimitan dous ámbitos que as engloban e se definen como núcleo rural histórico-tradicional. Delimítase, por outra banda, unha zona de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo e que recolle as tres vivendas modernas situadas entre as tradicionais, e defínese este ámbito como núcleo rural común. O lugar de Sucastro ten a consideración de núcleo rural complexo.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRHT(m2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	8	3	72,73	13.854,07	

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRC(m2)	3.92
	3	3	50	9.099,21	



Fotografía aérea de Sucastro.

NÚCLEO		O TREBELLO		NÚMERO	01.20	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)	
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							C-3.28	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no nordés da parroquia.						
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e moderadas. A orientación principal é a sur.						
	Poboación	5						
	Tipo	Mononuclear bastante compacto.						
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria.							
	Estado: Acceso bastante estreito e co asfalto antigo e que comeza a fallar. Vías interiores estreitas, en xeral, con pavimento de formigón nunhas zonas e o resto sen pavimento, camiños de terra.							
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é alta construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del teñen unha organización máis aberta e dispersa.							
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por dúas zonas ben definidas, un lugar principal organizado ao redor dun punto central público remarcado cun cruceiro e onde converxen tres camiños, e un rueiro a pouca distancia cara o leste. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e próximas, chegando a formar grupos de vivendas entre medianeiras, e dando lugar a un núcleo compacto con límites bendefinidos.						
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan pequenas ampliacións e reformas nas vivendas tradicionais.						
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e paleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Son frecuentes as vivendas con patín, solaina e o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a propia vivenda. A destacar a conservación do aspecto primitivo do lugar que mantén case todas as vivendas sen modificacións modernas. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que a maioría están nun estado de abandono importante.							
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous, tres ou catro claros apoiados sobre cepas, os frontais de pedra, os costais de pedra ou madeira, e cuberta a dúas augas de tella ou lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda e,cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.							
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova		Industria / terciario	Outras
	11		11		-		-	44
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo		Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si		si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación						SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	C-01-07	Cruceiro de Ánimas						
	C-01-18	Peto dos Santos						

NÚCLEO	O TREBELLO	NÚMERO	01.20	PARROQUIA	AGUASANTAS (SANTA MARIA)
--------	------------	--------	-------	-----------	--------------------------

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Once casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona situadas á beira dos camiños e próximas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, conformando un lugar identificable e acoutable de tamaño pequeno que segue a tipoloxía de asentamento principal circular organizado ar redor dun cruzamento e un rueiro próximo, e que permanece case inalterado polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie Bruta NRHT(m2)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	10	1	90,91	15894,53	8,18



Fotografía aérea de O Trebello.